

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hóreiro, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas que se adoptarán para o traslado dos depósitos de almacenamento de produtos químicos e petrolíferos do peirao do Ferrazo (Vilagarcía de Arousa), e a eliminación do tránsito marítimo de hidrocarburos na ría de Arousa.

A Sala do Contencioso do Tribunal Supremo ven de emitir sentenza (firme, non recurríbel) pola que declara ilegais os depósitos de hidrocarburos do porto do Ferrazo (Vilagarcía de Arousa) por teren sido tramitados sen a preceptiva declaración de impacto ambiental, anulando deste xeito as resolucións da Consellaría de Industria do Goberno do PP (ano 2000, sendo Manuel Fraga Presidente da Xunta) que autorizaban a instalación destes depósitos.

A maiores, esta sentenza –que ratifica a ditada previamente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza- indica que a presenza destes depósitos na súa ubicación actual podería provocar contaminación das augas da ría de Arousa e da atmosfera, así como a degradación da riqueza mariña.

En definitiva, a decisión xudicial ven a lle outorgar a razón a un amplio movemento popular, nucleado en torno á Plataforma para a Defensa da Ría de Arousa (conformada por confrarías, agrupacións mexilloeiras e outras entidades da ría), que manifestaron o seu rexeitamento desde o primeiro momento á instalación destes depósitos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hóreiro, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Á luz desta sentenza cumpre coñecer con exactitude a posición política, así como as medidas que adoptará o novo Goberno en relación coa presenza destes depósitos no corazón da ría de Arousa.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Pregunta para súa resposta oral en Pleno dirixida ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Tendo en conta a sentenza descrita, ten previsto o Goberno de Galiza pór en marcha accións conducentes á retirada dos depósitos de hidrocarburos do seu actual emprazamento no peirao do Ferrazo (Vilagarcía de Arousa)?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 24/04/2009 11:28:48**